



**PLAN DE TRABAJO EN CIENCIAS SOCIAIS.
3º DE E. PRIMARIA
Equipo docente do 3º nivel**

MATERIAIS:

- Libro de texto "Proxecto Construindo mundos " da Ed. Santillana.
- Material de elaboración propia.
- Recursos audiovisuais e informáticos.
- Material manipulativo do Centro.
- Caderno de traballo do alumn@.

PLAN DE TRABAJO:

Con carácter xeral, a distribución do traballo en cada un dos temas será a seguinte:

- Activación de coñecementos previos.
- Explicación do tema.
- Visionado de vídeos relacionados co tema.
- Realización de actividades sobre os contidos.
- Elaboración de pequenos proxectos de investigación.

Para a realización das actividades adicarase un tempo na clase, debendo concluílas na casa aqueles alumn@s que non as rematen en tempo.

Unha das horas semanais destinada a esta materia será utilizada como unha sesión de informática; onde se levarán a cabo actividades de búsqueda e selección de información de maneira guiada e de coñecementode certos contidos informáticos.

CONTIDOS POR TRIMESTRE E AVALIACIÓN:

- Os contidos están organizados en unidades que, dada a súa interrelación, non deben ser traballados de forma illada senón integrada. O tratamento dos seus conceptos debe permitir ao alumnado avanzar na adquisición de ideas do coñecemento científico e na súa estruturación e organización, de forma coherente e articulada.

- A súa distribución ao longo do curso será a seguinte:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<p>UNIDADE 1: DESCUBRIMOS AS PAISAXES</p> <ul style="list-style-type: none"> - Como son as paisaxes de montaña. - Como son as paisaxes de chaira. - Como son as paisaxes de costa. <p>UNIDADE 2: NECESITAMOS A AUGA PARA VIVIR</p> <ul style="list-style-type: none"> - As augas mariñas. - Como son os ríos? - O percorrido dun río. - Outras augas. 	<p>UNIDADE 3: QUE IMPORTANTE É O AIRE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Como é a atmosfera? - Por que chove? - Que tempo vai? - O tempo de cada estación. <p>UNIDADE 4: VIVIMOS XUNTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Comunidade Autónoma de Galicia. - A poboación de Galicia - Como son as aldeas e as vilas? - Como son as cidades? - Como se goberna a localidade? - Que servizos nos da o Concello? 	<p>UNIDADE 5: CANTOS TRABALLOS DIFERENTES</p> <ul style="list-style-type: none"> - Como se organizan os traballos. - A pesca. - Como son os traballos no campo - Que é unha fábrica. - Necesitamos os servizos. <p>UNIDADE 6: MOITAS COUSAS FALAMOS DO PASADO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Canto cambiamos. - O comezo da historia da localidade. - A localidade cambia co paso do tempo. - O pasado e os seus testemuños.

Outros contidos que se traballarán transversalmente nos tres trimestres son:

- Aplicación dos contidos traballados na unidade de maneira competencial.
- Observación e análise de imaxes.
- Expresión de opinións e ideas.
- Interese por coñecer o mundo no que habita.
- Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.
- Iniciación á actividade científica.
- Realización guiada de proxectos e presentación de resultados.
- Busca guiada de información na internet e noutros soportes.
- Análise crítica da información obtida de Internet.
- Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.

CEIP de TARRIO
UCULLEREDO

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Buscarase en todo momento facer partícipe ao alumnado da súa propia avaliación: coavaliación e autoavaliación.

Realizaranse probas escritas, preguntas orais, exposicións orais ou audiovisuais e actividades nos cadernos.

BLOQUES DE CONTIDO	%	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
Iniciación á actividade científica	60	<ul style="list-style-type: none">• Observación sistemática dos procesos de planificación, realización e comunicación de pequenas investigacións, proxectos ou experimentos.• Escala de observación.• Rexistro anecdótico.• Intercambios orais: debates, postas en común...• Análise da produción do alumnado no caderno, murais ou no ordenador.
O mundo que nos rodea	20	<ul style="list-style-type: none">• Intercambios orais: debates, postas en común...• Análise da produción do alumnado no caderno, murais ou no ordenador.
Vivir en sociedade	20	<ul style="list-style-type: none">• Probas obxectivas: exposicións orais, exames.• Actitude, interese e comportamento na aula.
As pegadas do tempo		

NOTA: As probas obxectivas tratarán de verificar as competencias adquiridas no traballo de clase.